

Conquista e romanización.

Etapas da conquista. Elementos da romanización: organización político administrativa, cultura, lingua, obras públicas.

Coa integración no mundo romano, a Península Ibérica adquire por primeira vez unha certa unidade como entidade histórica. Malia a enorme diversidade do territorio peninsular, o termo Hispania, que comeza a ser utilizado polos romanos a comezos do século II a. C., impúxose para referirse a ela.

A conquista.

A incorporación da Península ao dominio romano foi o resultado de sucesivas campañas militares pero non excluíu o pacto con algunhas comunidades indíxenas. Desenvolveuse en tres fases:

- **218-206:** a intervención romana na Península Ibérica, no contexto da Segunda Guerra Púnica contra Cartago, asegurou o control da franxa mediterránea e do val do Guadalquivir. A comezos do século II a.C., Roma ampliou esta área cara o interior peninsular (A Mancha, Sistema Ibérico, val do Ebro).
- **154-133:** o avance romano cara o oeste atopou a forte oposición das tribos do interior. Os exércitos romanos acabaron impoñéndose aos lusitanos, liderados por Viriato, no 139 a.C. e os aos celtiberos, que opuxeron unha teimuda resistencia en Numancia ata o 133 a.C. Neste contexto tiveron lugar as primeiras expedicións romanas cara o noroeste peninsular.
- **29-19 a.C.:** durante as *guerras cántabras*, campañas nas que chegou a participar o mesmo emperador Octavio Augusto, foron sometidos galaicos, astures e cántabros e todo o norte peninsular acabou incorporado ao Imperio.

A romanización.

A conquista foi acompañada da adopción dos modos de vida e formas culturais emanadas de Roma por parte das poboacións peninsulares. A **romanización**, non foi uniforme: foi máis intensa e temperá no litoral mediterráneo e nos vales do Ebro e o Guadalquivir e máis serodia e irregular no norte peninsular. Entre os elementos deste proceso destacan:

- **A organización político-administrativa do territorio.** Para asegurar o control da poboación, a recadación de impostos e a explotación dos recursos económicos, Roma estableceu diferentes unidades administrativas. As **provincias** foron as máis amplas. Á súa fronte situábase un gobernador (*procónsul*, *legado*) nomeado dende Roma. O seu número mudou co tempo: das dúas creadas no 197 a.C. (*Hispania Ulterior* e *Hispania Citerior*), pasouse a tres baixo Augusto no 14 a. C. (*Tarraconensis*, *Baetica*, *Lusitania*). Tras as reformas de Diocleciano (297 d.C.), a *diócese* de Hispania abrangía seis provincias: *Baetica*, *Lusitania*, *Tarraconensis*, *Carthaginensis*, *Gallaecia* e, no norte de África, a *Mauritania Tingitana*. A finais do século IV engadiuse a *Balearica*.

Cada provincia incluía diversos **conventus** xurídicos, unidades administrativas con funcións ligadas á administración de xustiza, a recadación fiscal e o recrutamento militar. A base do entramado administrativo hispanorromano constituían as **civitates**. Cada *civitas* incluía un centro urbano dende o que se administraba e o *territorium* circundante. O status xurídico destas entidades era moi diverso.

- **Cambios culturais:** O **latín**, espallado por soldados, comerciantes e funcionarios, acabou desprazando ás linguas indíxenas. Dela derivan tódalas linguas peninsulares agás o éuscaro. O **dereito romano**, promovido polo poder imperial, espallouse por toda a Península substituindo ás tradicións xurídicas indíxenas.

No **eido relixioso**, aínda que as autoridades romanas toleraron os cultos locais, Roma impuxo impuxo o culto imperial e promoveu o panteón, sobre todo tríade capitolina (Xúpiter, Xuno, Minerva), e os ritos da relixión romana. Tamén facilitou a difusión de relixións orientais, caso do mitraísmo ou, sobre todo dende o século III, do mesmo cristianismo.

A **ciudades** adquiriron un importante papel non só como centros económicos e administrativos senón tamén como focos de atracción cultural para as poboacións indíxenas. As **calzadas** que as unían aseguraron eficazmente a comunicación entre elas e a explotación do territorio.

As **formas e tipoloxías arquitectónicas romanas** espalláronse: murallas (Lugo), acuedutos (Segovia, Mérida), pontes (Alcántara), arcos de triunfo (Bará, Medinaceli), teatros (Mérida, Sagunto), anfiteatros (Itálica), templos, termas (Lugo), *domus*, *villae*... Dan conta tamén do influxo romano os numerosos achados de esculturas, mosaicos e frescos.

- A romanización favoreceu a configuración dunha **sociedade moi desigual** e impulsou importantes **cambios económicos**: a integración da Península no espazo comercial romano, a explotación a gran escala dos seus recursos mineiros, a ampliación da gran propiedade, a expansión dalgúns cultivos (viñedo, oliveira), a difusión do uso do arado...